

CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

9-10 de marzo do 2024

IV CORESMA B



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Nestes días imos preparándonos para a Pascua da man de Dona Coresma e facendo este camiño descubrimos que hai cousas que sobran, hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida, e tamén hai cousas que remendar e facer mellor.

Hoxe, Xesús, é unha vida para salvar, non para condenar. É a vida que ofrece o amar de Deus, e está nas nosas mans acoller ese seu benquerer. El dá vida, aínda que sexa dende a cruz.

Sabemos que non todas as cruces son iguais; hainas que son inevitables (a do traballo, a do clima, a de certos momentos), hai cruces que perseguimos (a dos cartos, a da envexa, a da comodidade), hai cruces que lle cargamos aos demais (a das críticas, a das apariencias, a do abandono). E está a cruz de Xesús, na que el nos amosa a grandeza de amar e salvar. Está nas nosas mans decidir o camiño que queremos facer. No camiño da Pascua válenos a pena as pegadas que deixou Xesús.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Agora pómonos nas mans do Pai, porque o seu corazón está cheo de agarimo, e co seu perdón axúdanos a seguir o noso camiño cara a Pascua. Deus salva, dá vida e perdoa, pois deixémonos perdoar por Deus e perdoémonos uns a outros. Xuntos rezamos:*

Eu confésome peccador diante de Deus omnipotente e tamén diante de vós, irmáns, pois teño pecado moito de pensamento, de palabra, de obra e de omisión; pola miña culpa, pola miña culpa, pola miña grandísima culpa, por iso lle pido á benaventurada Virxe María e a todos os anxos e santos do ceo, e a vós tamén, irmáns, que rogedes por min a Deus, noso Pai.

Celebrante: *Deus Pai ten piedade de nós e dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. Recoñecemos que ás veces é fácil para nós xulgar, condenar e criticar. Pero aínda así, a todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo querendo SER COMPRENSIVOS E CON EMPATÍA.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, Ti reconciliaches contigo a toda a humanidade, dándonos vida no teu propio Fillo. Aumenta a nosa fe de pobo cristián, para que nos preparemos para celebrar con amor as vindeiras festas pascuais.

Aléntanos tamén no trato digno e respectuoso que se merece a muller, pois non queremos nin podemos calar a violencia de xénero. Pedímoscho por Xesucristo noso Señor. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

A Palavra de Deus que agora imos escoitar vainos axudar a entender a coresma como oportunidade de mellorar, porque hai cousas que necesitamos arrincar da nosa vida e hai cousas que necesitamos remendar.

Imos agora deixar que Deus nos fale, porque as súas palabras son de salvación non de condena, son de esperanza non de fracaso.

Con Xesús fagamos vida das nosas palabras deixando de lado as que firen, as que alonxan, as que desprezan. Escoitemos ao Deus que nos fala.

LECTURA DA CARTA AOS EFESIOS

Irmáns e irmás:

Deus, que é farturo en misericordia, polo grande amor que nos amosou cando estabamos nós mortos polos nosos pecados, fíxonos revivir con Cristo (salváronvos por pura benquerencia) e resucitounos con El e con El fíxonos sentar no ceo en Cristo Xesús, para mostrarlles aos séculos vindeiros a rebordante riqueza da súa graza, manifesta na bondade que tivo connosco en Cristo Xesús. Porque vos salvaron por graza, mediante a fe; e isto non vén de vós: é don de Deus; e non vén das obras, para que ninguén se dea méritos. Somos, logo, feitura del, creados en Cristo Xesús para facermos o ben no que Deus dispuxo de antemán que camiñemos.

Palabra do Señor

♪ 41 ♪ *Quen nos vai separar* SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 71 Xn 3, 14-21 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolle Xesús a Nicodemo:

- Coma Moisés alzou a serpente no deserto, así debe ser alzado o Fillo do Home, para que todo o que cre nel,

teña vida eterna. Pois de tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña vida eterna.

Non mandou Deus o Fillo ao mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se salve o mundo. O que cre nel, non é xulgado; mais o que non cre, xa está xulgado, porque non creu no Fillo Unixénito de Deus. Nisto consiste o xuízo: en que, vindo a luz ao mundo, os homes escolleron a tebra en vez da luz, pois as súas obras eran ruíns. Pois todo o que fai o mal, odia a luz e non vén cara á luz, para que non o delaten as súas obras. Polo contrario, o que obra a verdade vén cara á luz, para que se vexan as súas obras porque están feitas como Deus quere.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Que nos propomos nesta cuarta semana de Coesma con “dona coesma”?

Con ela seguimos descubriendo que hai cousas que necesitamos arrincar na nosa vida, porque non todo vale.

Xa lle temos arrincado a perna da violencia, xa lle temos arrincado a perna do querer vivir cómodos e sen complicarnos, xa lle temos arrincado a perna das rutinas.

Tamén xa lle temos cosido o remendo do RESPECTO E A PAZ, e o remendo do IMPLICARSE DANDO UNHA MAN, e o remendo de SER CRIBLE E CRENTE.

Hoxe arrincámoslle á nosa coesma esta perna. **(Arrincamos a perna da 4ª coesma)**. É a perna da tentación de xulgar, criticar e condenar a todo o mundo. Hoxe é moi fácil xulgar e condenar sen saber. Temos a tentación de criticar a todo e a todos, e formamos parte dunha sociedade de medo, de pesimismo. Só vemos o que de malo ten a vida.

Ao arrincar esta perna descubrimos unha maneira nova de vivir **(collemos o “remendo” que está no sobre que vai pegado na perna que lle arrincamos á nosa “dona coesma”, colgamos a perna na pinza, e pegamos o remendo na saia da vella)**. Acabamos de coser na saia da dona coesma o remendo de SER COMPENSIVO E CON EMPATÍA.



Temos arrincado algo que nos sobra, o criticar e xulgar, e temos cosido un novo remendo, porque mellor irá a vida se a remendamos con COMPENSIÓN E EMPATÍA.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial querendo mellorar a vida da fe co **SER COMPENSIVOS E CON EMPATÍA**, compartimos o noso credo. *Dicimos:*

♪ **SI CREEMOS**

Monitor/a:

Credes en Deus, no Deus que é Pai e Nai,
que con misericordia nos acolle
e nos perdoa con toda gratuidade
porque El está para salvar, non para condenar?

SI CREEMOS

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
que nos convida a **SER COMPENSIVOS
E CON EMPATÍA** nas palabras e nos feitos,
lonxe do xulgar e criticar?

SI CREEMOS

Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para camiñar cara a Pascua,
sendo xentes de ben e de paz?

SI CREEMOS

Credes na Igrexa,
a comunidade das mulleres e homes
que necesita facelo mellor
póndose á beira das xentes que están vivindo a cruz?

SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe que compartimos acudimos ao Pai conscientes do noso criticar, pero querendo remendar a vida, e confiándonos ás súas mans cheas de agarimo. Digamos*

PAI, PÓMONOS NAS TÚAS MANS

Monitor/a:

- ✓ Por nós, para que fagamos igrexa, ocupándonos de salvar e acoller, e non de xulgar e condenar, oremos
- ✓ Por cada un e cada unha de nós, para que, sentindo a ledicia de sabérmonos na man de Deus, saibamos transmitir VIDA ás persoas crucificadas do noso mundo, oremos
- ✓ Polas mulleres que sofren as consecuencias dunha sociedade machista, e aínda necesitada de moitos esforzos na procura dunha igualdade auténtica, oremos
- ✓ Polas xentes de Palestina, Israel, Ucraia, Rusia que o están pasando tremendamente mal, feridos nunha guerra que nos escandaliza e que non podemos entender, oremos
- ✓ Por nós, que nestes días, da man de dona coresma queremos facelo mellor para chegar á Pascua. Oremos

Celebrante: *Señor, Ti que sempre nos escoitas, dános unha man para facelo mellor remendendo a vida da man de Xesucristo, Noso Señor.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Se nós queremos, Deus perdoo e salva. Se nós queremos, os demais son perdoados. Se nós queremos, podemos perdoar.*

Pero seguimos tendo certas ansias de xulgar e condenar, por iso queremos agora dicirle a Deus: “non nos deixes caer na tentación”, por iso da man de Xesús rezamos dicindo: NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser comprensivos. A paz e a fraternidade, non son condena e castigo, son camiño compartido aínda que as veces se faga difícil. Vale a pena dármonos a paz, e con ela deámonos dignidade a todas as mulleres.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Participar na celebración é implicarse e remendar a vida construíndo un mundo que quere ser comprensivo e con empatía.*

Ditosos nós por facer camiño cara a Pascua compartindo coma comunidade este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

CANTO nº 41 Quen nos vai separar de Ti

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Deus, noso Pai,
que iluminas a toda persoa que ven a este mundo,
ilumina os nosos corazóns
para que os nosos pensamentos sexan axeitados,
os nosos feitos merezan o teu agrado
e o noso amor sexa sincero.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas
por sempre eternamente. Amén

Con Xesús quixemos arrincar o que non nos deixa camiñar con dignidade. Quixemos deixar atrás as críticas e as condenas que tantas veces facemos, mesmo sen pensar.

A nosa celebración ten que ser tamén un remendo para vivir no día a día os pasos da coesma que nos achegan á PASCUA. Queremos facelo mellor con palabras e feitos dignos para con todas as mulleres. Por iso cada quen pode levar para a casa o REMENDO de hoxe

SER COMPRENSIVO E CON EMPATÍA

Repártimos o remendo para levalo para a casa)

Avísase das misas (ver folia do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
unha boa coesma,
e que o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

*Rematamos a celebración de hoxe cantando
Ide e pregoade a nova de Deus.
Querendo facelo así de ben co noso remendo
podémonos ir en paz*

🎵 n° 56 **Ide e pregoade a nova de Deus**



*“Na vida arrincamos as críticas e as condenas
e remendamos co
SER COMPRENSIVO E CON EMPATÍA”*

Facendo da Coesma camiño cara a Pascua con Cristo